

A MÚSICA INSTRUMENTAL NO BARROCO

O Barroco é unha etapa artística que se estende desde o século XVII (ano 1600) até a primeira metade do século XVIII (ano 1750 aprox.). É unha época de grandes crises en Europa. Disputas políticas e tamén relixiosas (entre os países católicos e os protestantes).

Algunhas personalidades do mundo das artes e das letras de grande sona desta época foron: Descartes (filósofo que dixo a famosa frase de “penso, logo existo”), Caravaggio (pintor), Velázquez (pintor), Quevedo (escritor), Góngora (escritor). Foi tamén no Barroco que viviron dous dos grandes da literatura universal: Cervantes e Shakespeare. Curiosamente morreron o mesmo día e ano.

Velázquez: As meninas <https://www.bbc.com/mundo/vert-cul-54802890>

O Barroco é a época de grandes compositores como J.S.Bach, G.F Haendel, A. Vivaldi, ou A. Corelli. Tamén de grandes *luthiers* (constructores de instrumentos de xeito artesanal) de instrumentos de corda, como o famoso A. Stradivarius. Os compositores barrocos, conquistados por estes instrumentos, sentíronse inspirados para compoñer obras instrumentais para esta sonoridade, a dos instrumentos de corda fretada (violín e orquestras de corda).

Os instrumentos comezarán a reunirse en familias para formar orquestras ben equilibradas, predominando os de arco. En ocasións, ao tocar en espazos abertos, acompañanse de instrumentos de vento co fin de obter un son máis potente e grandioso.

Quen foi Antonio Stradivari?

https://www.youtube.com/watch?v=0Iec6dpX-mI&ab_channel=SharaSl

Violín Stradivarius

<https://youtu.be/4AunXw3GiWs?si=qPRNLtl6H9HSzm0A>

O Stradivarius roubado...

<https://www.youtube.com/watch?v=FDLRg6VPLf8>

No eido da música vocal xurdirá ese grande espectáculo que é a ópera, do que xa falamos.

Farinelli il castrato:

<https://www.youtube.com/watch?v=PlkuKlG6-CU>

<https://www.youtube.com/watch?v=P5C7731EZcY>

<https://www.youtube.com/watch?v=hI-1iXO2ri0>

Mais a música instrumental tamén será moi importante neste período. Independizarase da vocal e será moi abundante. Algúns tipos de pezas propios do Barroco son: o ***preludio***, a ***toccata***, a ***fuga***, a ***sonata***, a ***suíte*** e o ***concerto***.

1. O ***preludio*** é unha forma instrumental que prepara o camiño para a execución doutra peza máis desenvolvida. Ten un carácter improvisatorio.

2. A ***toccata*** é unha forma musical composta para instrumentos de tecla, coma o órgano e o clavecín.

3. A ***fuga*** é unha complexa composición polifónica baseada na técnica da imitación seguindo unhas estritas normas. J.S. Bach foi un prolífico compositor deste tipo de pezas.

4. A **sonata**. O seu nome deriva da palabra “sonare”, que significa “fretar unha corda”. Consta de varios movementos ou partes. O compositor Arcangelo Corelli estableceu en catro e que contrastan entre si.

5. A **suite** reúne, nunha única obra para orquestra, varios aires de danza diferente.

6. O **concerto** é unha obra dividida en tres ou catro movementos (partes) que contrastan entre si. Os tipos máis importantes de concerto desta época eran:

a. O concerto grosso: onde se establece un diálogo entre dúas masas sonoras: un grupo de solistas e a orquestra (o tutti orquestral).

b. O concerto a solo: no que existe un diálogo entre o solista e a orquestra (o tutti orquestral).

Os concertos barrocos adoitaban alternar un *ritornello* a modo de refrán (retrouso) que era tocado por toda a orquestra.

J.S.Bach: Preludio nº 1 para cello

<https://www.youtube.com/watch?v=nCqg0gm2rD0>

J.S.Bach: Variacións Goldberg

https://www.youtube.com/watch?v=aEkXet4WX_c

J.S.Bach: Toccata e fuga en Re menor.

https://youtu.be/ipzR9bhei_o?si=h9aMd-hlXH0WybFR

J.S.Bach: Badinerie. Suite.

https://www.youtube.com/watch?v=Kl6R4Ui9blc&ab_channel=ArtOfSoundAndVision

Antonio Vivaldi, “o cura do pelo vermello” (escena da película The red priest)

https://www.youtube.com/watch?v=Zb1ZtKLqx9A&ab_channel=FonoVideoaudio-post

A. Vivaldi: Concerto a solo As catro estacións:

O inverno

https://www.youtube.com/watch?v=e2wBXUEz_sQ&ab_channel=AnastasiyaPetryshak

A primavera

https://www.youtube.com/watch?v=C2Om_E50VNA&ab_channel=Amasmusica

O verán

https://www.youtube.com/watch?v=nJTfG1MmMwQ&ab_channel=MariSamuelson

O outono

https://www.youtube.com/watch?v=Z21_VpNipfg&ab_channel=FrederiekeSaeijs

Orquestra con instrumentos reciclados en Paraguay:

<https://youtu.be/7AOnZb7ZLJI?si=r3wog5oflfYJqEnr>

CUESTIÓNS SOBRE A MÚSICA NO BARROCO

1. Durante que período se estende, na Historia da Música, o denominado Barroco?
2. Di o nome dalgunhas personalidades do mundo das artes e as letras do Barroco.
3. Di o nome dos compositores do Barroco que coñezas.
4. Que é un *luthier*? Que grande *luthier* destacou no Barroco e que tipo de instrumentos fabricaba?
5. Que grande espectáculo de música vocal xurde no Barroco? Lembras o

nome do compositor do Barroco que compuxo a música dun destes grandes espectáculos titulado Orfeo?

6. No Barroco gustáballes moito un tipo de voz masculina, a voz dos....

7. O afamado Carlo Broschi foi un cantante do Barroco con este tipo de voz, popularmente era coñecido co alcume de...

8. A música instrumental (composta só para ser interpretada por instrumentos) foi moi importante neste período. Que tipo de pezas de música instrumental eran propias do Barroco?

9. Di a que compositores corresponde a autoría das seguintes pezas de música instrumental:

a. As variacións Goldberg.

b. Preludio nº1 para cello.

c. As catro estacións.

d. A suite Badinerie.

e. A toccata e fuga en Re menor.

10. Curiosidade: De que grande compositor do Barroco era a música que se estrenou para acompañar os grandes lumes de artificio que tiveron lugar en Green Park en Londres no ano 1749?